

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO AULAS SENIOR DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2026.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica desta Consellería, ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores. No marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Que a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos segundo os datos que constan no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia con NIF G15496607 foi inscrita por resolución de 20/10/2004 co número 2004/007869-1º conforme á Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Que son fins e obxectivos desta Asociación:

- A promoción sociocultural das persoas adultas.
- Coordinar e desenvolver as funcións da AULA DA TERCEIRA IDADE.
- O desenvolvemento de proxectos e programas que axuden a elevar os niveis educativos das persoas maiores.
- Estudar e investigar aspectos relacionados coa formación permanente de adultos e problemáticas da terceira idade.
- O intercambio de experiencias e actividades encamiñadas á mellora da calidade de vida e benestar das persoas maiores por medio de plans pedagóxicos apropiados para elas.
- Coordinar as relacións cos Órganos da Administración Autonómica e outros de carácter nacional e internacional que teñan misións dirixidas ás persoas maiores.
- A promoción e desenvolvemento de programas do voluntariado cultural de maiores, así como as actividades que favorezan a participación activa e creativa dos mesmos.
- A defensa dos intereses comúns das Aulas da Terceira Idade, así como a prestación de servizos de asesoría técnica e pedagóxica dos seus membros.
- E en xeral, todos aqueles fins e obxectivos que logren mellorar o benestar persoal, a saúde integral e a calidade de vida das persoas maiores a través da súa participación en actividades socioculturais.

Que a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-784, sendo a súa finalidade, entre outras e de acordo cos seus estatutos, desenvolver os programas do proxecto e actividades das "Aulas Sénior de Galicia" no ámbito da Comunidade Autónoma galega. Ademais deste proxecto a asociación tamén desenvolve anualmente un proxecto de Voluntariado Sénior que ten por obxectivo poñer en valor o talento das persoas maiores promovendo actividades interxeracionais concordantes cunha sociedade equitativa con todas as idades e combativa coa discriminación por idade.



É preciso desenvolver programas que promovan o envellecemento activo adaptados aos novos perfís e situacións sociais das persoas maiores en Galicia e que fomenten a súa integración e participación na sociedade. Isto realizarase a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento deste tipo de programas por parte do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas maiores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2017, do 13 de xuño, a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos é a única entidade de iniciativa social que desenvolve as funcións das "Aulas Sénior de Galicia" na Comunidade Autónoma de Galicia e estuda e investiga aspectos relacionados coa formación permanente de adultos e a problemática das persoas maiores.

Así mesmo, as actuacións recollidas na cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O obxecto do presente convenio é contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade á Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, para o desenvolvemento do proxecto "Aulas Sénior de Galicia" no exercicio 2026 e ás súas actuacións que se detallan a continuación:

O proxecto vai dirixido a maiores de 60 anos e desenvólvese mediante a impartición de 50 horas semanais de clases e 15 seminarios distintos de media, en oito sedes de Galicia: A Coruña, Ferrol, Padrón, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense, Lalín e Monterroso. A media de profesorado asalariado cada curso ascende a 25 persoas fixas-discontinuas e 15 profesionais autónomos que colaboran coa entidade en cada curso. Impártense actividades presenciais e permanentes nas seguintes áreas:

1ª. Área cultural: idiomas, historia da arte e de Galicia, xeografía, historia viva, literatura española e galega, cine e cultura.

2ª. Área ocupacional: debuxo e pintura ao óleo, pintura en tela, traballos manuais, música, solfeo, rondalla, teatro, informática, tabletas, teléfonos intelixentes.

3ª. Área da saúde: ioga, pilates, ximnasia de mantemento, taichí, taller de memoria, marcha nórdica, habilidades sociais, risoterapia, danzaterapia, estimulación cognitiva online, benestar emocional.

4ª. Área de lecer: celebracións de magosto, nadal, entroido, letras galegas, viaxes e visitas culturais a museos e exposicións, inauguracións e clausuras de curso, participación en encontros e congresos, viaxe anual de fin de curso, actividades coa comunidade.

A formación presencial compaxinarase coa formación online a través da plataforma (<https://formacion.ategal.com/>), onde se impartirán clases en streaming dos obradoiros programados por ATEGAL así como en colaboración con outras entidades que ofertan charlas ou obradoiros de xeito gratuíto.

Para o cumprimento do convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará no ano 2026 **doucentos dez mil euros (210.000 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.312E.481.1** e código de proxecto 2015-00492 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.



A dita cantidade destinarase aos gastos correntes e de persoal necesarios para o desenvolvemento das actuacións antes citadas.

A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos queda exonerada da constitución de garantía ó entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e a súa duración será ata o día 31 de decembro de 2026 tendo efectos dende o 1 de xaneiro do presente ano. A Consellería de Política Social e Igualdade, unha vez asinado o convenio, aceptará na acreditación dos gastos os que se realizaran para o desenvolvemento das actividades comprometidas antes da sinatura deste convenio, sempre que se emitiran no exercicio orzamentario corrente e amporen as actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

